

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



A PORTA ABERTA LÚA GÁNDARA

ARTE EN PROCESO PARA
HABITAR AS TORRES HEJDUK

1 Set 2022 – 8 Xan 2023
cidadedacultura.gal

Proxecto gañador da IX Convocatoria
de Intervencións Artísticas nas Torres
Hejdkuk do #EAN11



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

Sabadell
Fundación

A PORTA ABERTA

LÚA GÁNDARA

GAL

***A porta aberta* é un proxecto vivencial para "habitar" as Torres Hejduk e convertelas temporalmente nun estudio artístico aberto ao público e ao diálogo. Nesta proposta plástica e performática, a artista galega Lúa Gándara (O Porriño, 1988) converte o interior das Hejduk no seu lugar de traballo durante un mes, amosando o seu proceso de creación, agasallándonos un debuxo orixinal e ofrecendo a oportunidade de conversar sobre arte e pintura abstracta.**

Desde a concepción da arte como disciplina aberta, ultrapasando as barreiras que sitúan o público como axente pasivo, Lúa Gándara convidanos con *A porta aberta* ao seu particular laboratorio e universo creativo. Nunha analoxía do xeito en que Galicia recibe ás persoas camiñantes, e compartindo o espírito de apertura e convivencia presente na cerna do Xacobeo, a artista acóllenos e agasállanos. Este estudio artístico efémero continuará a poder visitarse semanas despois da estancia física da creadora nas Torres, exhibíndose ata xaneiro o "corpus visual" da obra producida nesta instalación.

A proposta foi vencedora da IX Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocada en 2021 no marco do XI Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN11). O certame encádrase na programación do Xacobeo 21-22 e conta coa colaboración da Fundación Banco Sabadell.



Lúa Gándara

(O Porriño, 1988)

Artista multidisciplinar, graduouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo e realizou un posgrao de Creación Sonora na Universidade de Barcelona e un máster de Profesorado en Educación Secundaria na especialidade de Artes e Debuxo. A súa obra plástica foi seleccionada e exposta en certames como a 15ª mostra MAC, Museo de Arte Contemporánea Fundación Naturgy; o Premio Artistas do Alto Miño e Galicia 2016 da Fundación Bienal de Cerveira; o VIII Premio para Novos Artistas Auditorio de Galicia ou a X Bienal Internacional Pintor Laxeiro. Recibiu o 1º Premio Novos Talentos Lusogalaicos na IX Bienal de Pintura Premio Eixe Atlántico e o Premio Xurado Novo na sección Contemporánea do festival INTERSECCIÓN Contemporary Audiovisual Art Festival (2021).



CAST

***A porta aberta* es un proyecto para "habitar" las Torres Hejduk y convertirlas temporalmente en un estudio artístico abierto al público y al diálogo. En esta propuesta plástica y performática, la artista gallega Lúa Gándara (O Porriño, 1988) convierte el interior de las Hejduk en su lugar de trabajo durante un mes, mostrando su proceso de creación, regalándonos un dibujo original y ofreciendo la oportunidad de conversar sobre arte y pintura abstracta.**

Desde la concepción del arte como disciplina abierta, ultrapasando las barreras que sitúan al público como agente pasivo, Lúa Gándara nos invita con *A porta aberta* a su particular laboratorio y universo creativo. En una analogía del modo en que Galicia recibe a las personas caminantes, y compartiendo el espíritu de apertura y convivencia presente en el germen y núcleo del Xacobeo, la artista nos acoge

y nos agasaja. Este estudio artístico efímero continuará pudiendo visitarse semanas después de la estancia física de la creadora en las Torres, exhibiéndose hasta enero el "corpus visual" de la obra producida en esta instalación.

La propuesta fue vencedora de la IX Convocatoria de Intervenciones Artísticas en las Torres Hejduk, convocada en 2021 en el marco del XI Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN11). El certamen se encuadra en la programación del Xacobeo 21-22 y cuenta con la colaboración de la Fundación Banco Sabadell.

Lúa Gándara

(O Porriño, 1988)

Artista multidisciplinar, graduada en Bellas Artes por la Universidad de Vigo, ha realizado un posgrado de Creación Sonora en la Universidad de Barcelona y un máster de Profesorado en Educación Secundaria en la especialidad de Artes y Dibujo. Su obra plástica ha sido seleccionada y expuesta en certámenes como la 15ª Mostra MAC, Museo de Arte Contemporáneo Fundación Naturgy; el Premio Artistas do Alto Minho e Galiza 2016 de la Fundação Bienal de Cerveira; el VIII Premio para Novos Artistas Auditorio de Galicia o la X Bienal Internacional Pintor Laxeiro. Obtuvo el Primer Premio Novos Talentos Lusogalaicos en la IX Bienal de Pintura Premio Eixo Atlántico y el Premio Xurado Novo en la sección Contemporánea del festival INTERSECCIÓN Contemporary Audiovisual Art Festival (2021).

A PORTA ABERTA LÚA GÁNDARA

ARTE EN PROCESO PARA
HABITAR AS TORRES HEJDUK

HORARIOS:

**Do 1 ao 30 de setembro, coa
presenza da artista, Lúa Gándara:**

De martes a domingo, de 10.30 a
14:00 e de 16:00 a 19.30 (excepto o
17 de setembro, pechado)

Do 1 de outubro ao 8 de xaneiro:

Todos os días, de 10 a 20h

cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22



Sabadell
Fundación